

EFFI BRIEST

Rainer Werner Fassbinder, 1974

1773

ESTREA EN NUMAX: 24.06.2026 | V.O.S.E. | 134 min

Effi Briest é unha moza que casa cun home maior ca ela, o Barón von Instetten. Tras uns anos nos que a parella vive feliz, a amizade dela co Maior Crampas suporá un conflito ético que concluirá cun duelo entre o marido ofendido e o suposto amante.



Texto e imaxe

Por José Luis Téllez

“Effi Briest” é a novela de Theodor Fontane que alcanzou maior éxito e, sen a menor dúbida tamén, a súa incuestionable obra mestra. En clave naturalista, ofrece un retrato da alta sociedade prusiana (a sociedade burguesa) que mostra o seu apego ás aparencias, as convencións e a moral máis restritiva e hipócrita. A novela non é tanto unha crítica como un espello extremadamente nítido do seu comportamento e a súa actitude ante a vida. E o espello é un elemento medular da filmación co que Rainer Werner Fassbinder articulou o seu relato cinematográfico construído a partir da novela: todas as escenas que se desenvolven en interiores conteñen polo menos un, sobre o que se reflicten os rostros dos personaxes facendo coincidir campo e contracampo sobre unha mesma imaxe, o que, ocasionalmente, chega ao extremo de superpoñer dous reflexos distintos. A metáfora é obvia: non hai posibilidade algunha de fuxir dese mundo pechado sobre si mesmo, ese mundo que vive para a súa propia representación. Fassbinder chega ao extremo de construír pequenos tableaux actorais no interior de certas escenas, como sucede coa conclusión do episodio en que Effi é presentada a von Instetten, o seu futuro esposo.

Unha deliberada xeometría visual organiza certos segmentos altamente significativos. Todos os paseos e movementos dos personaxes en exteriores nárnanse mediante planos secuencia que acompañan o seu itinerario: o paseo de Effi coa súa nai entre as árbores ao comezo do filme, os desprazamentos das carruaxes ou os percorridos de rúa efectúanse segundo movementos de dereita a esquerda. O último, e máis significativo, é o da bala que acaba coa vida de Crampas no duelo: von Instetten dispara desde a marxe dereita do encadre. A partir dese instante, os itinerarios cambian de sentido: especialmente significativo, o paseo de Effi e a súa nai polo bosque xa próximo á conclusión do filme, xemelgo invertido do que se presenciou na primeira parte. Por medio, o referido diálogo entre von Instetten e Wüllendorf está trufado de insertos puramente poéticos, non narrativos, que recollen movementos de trens e de coches de cabalos que, alternativamente, se deprazan de dereita a esquerda ou de esquerda a dereita, coma se o filme cambiase de sentido á súa vez: é un modo de materializar visual e metaforicamente a dúbida do esposo de Effi e do seu amigo sobre cal debe ser o seu comportamento.

Dunha elegancia crepuscular, o filme de Fassbinder é un relato de gran refinamento narrado con serenidade e equilibrio, cuxa contención expresiva e actoral permiten que o elemento patético da historia pase a primeiro termo desde o comezo: ese bambán, agora xa dolorosamente baleiro, sobre o que vimos o personaxe epónimo por vez primeira, adquire así unha poderosa enerxía metafórica como significante dunha perda irremediable, que achega á conversa paterna con que conclúe o filme (e a novela) unha emotividade fortemente melodramática, constrinxida, emporiso, pola inmovilidade da cámara nun longo plano fixo, xeral e distante. Presenza dunha ausencia, ferida lacerante e irresoluble que impregna da máis fonda melancolía o relato dun fracaso social e dunha frustración irresolubles no contexto da clase social que constitúe a verdadeira protagonista do texto, máis aló das súas figuras e da aparencia dos personaxes que a habitan.